

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 9 de xullo de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández, non assistiu.

Na Casa do Concello de Vigo, ás 13,27 horas do día nove de xullo de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(789).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(790).- MODIFICACIÓN DA ACTA ADICIONAL II DO CONVENIO DE CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO “CENTRO DE INTERNACIONALIZACIÓN ENSEÑANZAS DEL CAMPUS NOROESTE DE LA UNED EN VIGO”. EXPTE. 8119/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e RR.PP., de data 6.07.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Modificar a acta adicional II do texto do Convenio de Constitución do Consorcio “ Centro de Internacionalización Enseñanzas del Campus Noroeste de la UNED en Vigo” , no senso de suprimir a cantidade consignada para o ano 2012 : 100.000€ , anulando asemade o saldo retido no Rc nº 201200008064 de 13 de Febreiro de 2012 , reintegrando a partida correspondente o importe do mesmo (partida 323.0.489.00.01), e diferir aos anos sucesivos as anualidades consignadas na mencionada acta adicional II, que queda redactada, no que se refire ás aportacións do Excmo. Concello de Vigo, da seguinte maneira:

Ano 2013.....100.000€
 Ano 2014.....200.000€
 Ano 2015.....200.000€

3(791).- MODIFICACIÓNS TITULACIÓN DE DIVERSOS POSTOS DE TRABALLO NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO. EXPTE. 23233/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Planificación de RR.HH. e do técnico de Organización, de data 4.07.2012 e ampliación da proposta do 5.07.2012, conformado polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 5.07.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“PRIMEIRO.- Modificar o apartado 16 do Anexo ao Relacion de Postos de Trabajo no seguinte xeito:

Codg.	Titulación
1.-	Grado ou equivalente
101.-	Grado Rama Ciencias ou equivalente
102.-	Grado Rama Ciencias Sociais e xurídicas ou equivalente
103.-	Grado Rama Ciencias da saúde ou equivalente
104.-	Grado Rama Arte e Humanidades ou equivalente
105.-	Grado Rama enxeñería e arquitectura ou equivalente
2.-	Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto-técnico, F.P. 3 ou equivalente.
3.-	Bacharelato superior, F.P II ou equivalente.
4.-	Graduado, escolar FP1 ou equivalente.
5.-	Certificado de escolaridade.
6.-	Grado en dereito. ou equivalente
7.-	Grado en ciencias políticas e socioloxía (agás que a Lei o prohiba incluíse a licenciatura en ciencias políticas e da administración) ou equivalente.
8.-	Grado en ciencias económicas ou empresariais ou equivalente.
9.-	Grado en física ou equivalente.
10.-	Grado en filoloxía galega ou equivalente.
11.-	Grado en documentación ou equivalente.
12.-	Grado en filosofía e ciencias da educación ou equivalente.
13.-	Grado en psicoloxía ou equivalente
14.-	Grado en matemáticas ou equivalente.
15.-	Grado en en publicidade e relacións públicas ou equivalente.
16.-	Grado en periodismo ou equivalente.
17.-	Grado en en comunicación audiovisual ou equivalente.

Codg.	Titulación
18.-	Grado en ciencias actuariais ou equivalente
19.-	Grado en químicas ou equivalente.
20.-	Grado en belas artes ou equivalente.
21.-	Grado en ciencias ambientais ou equivalente.
22.-	Grado en antropoloxía social e cultural ou equivalente.
23.-	Grado en pedagogía ou equivalente.
24.-	Grado en socioloxía ou equivalente.
25.-	Grado en historia da arte ou equivalente.
26.-	Grado en psicopedagogía ou equivalente.
27.-	Grado en farmacia ou equivalente.
28.-	Grado en bioloxía ou equivalente.
29.-	Grado en veterinaria ou equivalente.
30.-	Grado en ciencia e tecnoloxía dos alimentos ou equivalente.
31.-	Grado en bioquímica ou equivalente
32.-	Diplomado en ciencias económicas e empresariais ou equivalente.
33.-	Primer ciclo licenciatura en dereito ou equivalente.
34.-	Diplomado en relacións laborais ou equivalente.
35.-	Diplomado en xestión e administración pública ou equivalente.
36.-	Diplomado en traballo social ou equivalente.
37.-	Diplomado en ciencias físicas ou equivalente
38.-	Diplomado en matemáticas ou equivalente.
39.-	Diplomado en filoloxía galega ou equivalente.
40.-	Diplomado en filosofía ou equivalente.
41.-	Diplomado en enfermería ou equivalente.
42.-	Diplomado en arquitectura ou equivalente
43.-	Diplomado en arquitectura-técnica ou equivalente.
44.-	Enxeñeiro ou equivalente.
45.-	Enxeñeiro en xeodesia e cartografía. ou equivalente
46.-	Enxeñeiro industrial ou equivalente
47.-	Enxeñeiro de camiños, canales e portos ou equivalente.
48.-	Enxeñeiro en electrónica ou equivalente
49.-	Enxeñeiro en telecomunicacións ou equivalente.
50.-	Enxeñeiro en organización industrial ou equivalente.
51.-	Enxeñeiro montes ou equivalente.
52.-	Enxeñeiro químico ou equivalente.
53.-	Enxeñeiro técnico ou equivalente.
54.-	Enxeñeiro técnico de obras públicas ou equivalente.
55.-	Enxeñeiro técnico topográfico ou equivalente.
56.-	Enxeñeiro técnico industrial ou equivalente.
57.-	Enxeñeiro técnico electrónico ou equivalente.
58.-	Enxeñeiro técnico de telecomunicacións ou equivalente.
59.-	Diplomado en publicidade e relacións públicas ou equivalente.
60.-	Diplomado en periodismo ou equivalente.
61.-	Diplomado en comunicación audiovisual ou equivalente.
62.-	F.P. II rama delineación.
63.-	F.P. I rama delineación.
64.-	Diplomado en belas artes ou equivalente.
65.-	Diplomado en antropoloxía social e cultural ou equivalente.
66.-	Diplomado en pedagogía ou equivalente.
67.-	Diplomado en psicopedagogía ou equivalente.
68.-	F.P. II rama laboratorio ou análise.

Codg.	Titulación
69.-	F.P. I rama laboratorio.
70.-	Grado en medicina ou equivalente.
71.-	F.P. I rama sanitaria.
72.-	Técnico en empresas e actividades turísticas ou equivalente.
73.-	Enxeñeiro técnico agrícola ou equivalente
74.-	Enxeñeiro técnico forestal ou equivalente
75.-	Arquitecto superior ou equivalente.
76.-	Grado en xeografía e historia, Grado en en historia ou equivalente
77.-	FP2, rama electricidade.
78.-	Grado en Administración e Dirección de Empresas ou equivalente.
79.-	Diplomado/a en Educación Social ou equivalente.

SEGUNDO.- Modificar puntualmente a Relación de Postos de Traballo municipal, en relación as titulacións esixidas e no que respecta aos seguintes postos:

II.7	CDG	DE-NO-MI-NA-CION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUP	ESCA-LA	CP/SBE/CL	TITULAC. DEM.	ACA-	FOR-MA-CION ES-PECI-FICA	SIT.
CO-DI-GO 233-AR-QUI-VO XE-RAL															
233.06	TECNICO/A SUPERIOR ARQUI-VO	1	26	680	056	N	LD	A1	AE	TS	102-104	Coñecementos bi-blioteconomía e ar- quivo	V	VACANTE	
X.3.	CDG	DE-NO-MI-NA-CION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUP	ESCA-LA	CP/SBE/CL	TITULAC. ACADE-MIC	ACA-	FOR-MA-CION ES-PECI-FICA	SIT.
CO-DI-GO 334-BI-BLI O-TE-CAS															
334.01	TÉCNICO/A SUPERIOR/A BI-BLIOTECAS	1	26	680	058	N	CA	A1	AE	TS	102-104	Coñecementos bi-blioteconomía e ar- quivo	T		
334.10	TECNICO/A/A MEDIO/A BIBLI-OTECAS	1	25	690	082	N	CA	A2	AE	TM	102-104-39-40-59-60-61-64-65-66-67-79	Coñecementos bi-blioteconomía e ar- quivo	T		
334.11	TECNICO/A MEDIO ARQUIVOS	1	25	690	296	N	CA	A2	AE	TM	102-104-36-39-40-59-60-61-64-65-66-67-79	Coñecementos bi-blioteconomía e ar- quivo	V	VACANTE CUBERTA INTERI-NA/	
XIII.	CDG	DE-NO-MI-NA-CION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRU-PO	ESCA-LA	CP/SBE/C-L	TITULACI. MI	ACA-	FOR-MA-CION ES-PECI-FICA	SIT.
CO-DI-GO 331-IGU AL-DA-DE															
331.02	AXENTE IGUALDADE OPOR-TUNIDADES	1	25	690	292	N	CA	A2	AE	TM	102-104-34-35-36-39-40-59-60-61-64-65-66-67-79	Coñecementos en Xénero e/ou igual- dade de oportuni- dades	V	VACANTE CUBERTA INTERI-NA/	

VII.4 . CODIGO 313 LABORATORIO MUNICIPAL															
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUP	ES-CALA	CP/SE/CL	TITULAC. ACADEMIC	FORMACION ESPECIFICA	ES-	SIT.	OBSERVAC.
313.02	ANALISTA DE LABORATORIO	5	26	680	057	N	CA	A1	AE	TS	101-103	ANALISTA LABORATORIO		T	UNHA OCUPADA POR C.LABORAL
313.11	TECNICO/A MEDIO/A LABORATORIO	1	25	690	086	N	CA	A2	AE	TM	101-103-37-41	FISICA-QUIMICA-C.AMBIENT-FARMACIA-BIOLOXIA-C.E. T.C.ALIMENT-BIOQUIMICA		T	
313.08	TECNICO/A AUXILIAR LABORATORIO	1	20	310	100	N	CA	C1	AE	TA	68/69			T	

TERCEIRO .- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

CUARTO.-Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, Concelleiro/as-delegados/as e xefes/as da Áreas e Servizos afectados, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas), Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación) e Comité de Persoal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

4(792).- APROBACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DA ENTIDADE DEPORTIVA S.D. OCTAVIO PARA A SUBVENCIÓN DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA CATEGORÍA LIGA ASOBAL DESENVOLVIDO NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1DE MARZO E O 30 DE XUÑO DE 2012. EXPTE. 11311/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director Deportivo do IMD, de data 26.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica do 18.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 5.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobación da resolución de concesión de subvención directa a favor da entidade deportiva S.D. Octavio para a subvención da segunda fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría Liga ASOBAL desenvolvido no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012, de

acordo coas cláusulas contempladas no convenio que se anexa a este expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 45.000,00 € a favor da entidade S.D. Octavio co CIF: G-36907384 con enderezo social na rúa Avda. Castrelos, 1, en Vigo.

Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- a) 21.103,95€ serán abonados directamente o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade S.D. Octavio polos usos deportivos do equipo de elite.
- b) 23.896,05€ serán abonados directamente a entidade 23.896,95 co CIF: G-36907384 con enderezo social na rúa Avda. Castrelos, 1, en Vigo, e numero de conta corrente e numero de conta corrente: 0081.0388.09.0001109719. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.06 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar o convenio que regula esta subvención directa coa entidade S.D. Octavio co CIF: G-36907384.

5(793).- PROXECTO DE CONVENIO QUE REXERÁ ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DEPORTIVA CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA PARA A SUBVENCIÓN DO PROXECTO DA ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA CATEGORÍA PRIMEIRA DIVISIÓN NA TEMPADA DEPORTIVA 2011/2012. EXPTE. 11359/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director Deportivo do IMD, de data 29.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica do 4.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 5.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta para o a subvención do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría Primeira División na tempada deportiva 2011/2012.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000,00 €. a favor da entidade Club Atletismo Femenino Celta co CIF: G-36927689 e enderezo social na rúa Avda Balaídos S/N en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11359-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.03 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2011-2012.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Fernández Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre delegación de atribucións dos Delegados de Área.

Doutra, don Luis Ruade Alonso como presidente da entidade Club Atletismo Femenino Celta CIF nº G-36927689 e enderezo social na rúa Avda Balaidos S/N en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11359-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Club Atletismo Femenino Celta conta cun equipo de elite que participa na categoría Primeira División desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Atletismo Femenino Celta desenvolve o proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2011/2012.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.03 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de élite da entidade Club Atletismo Femenino Celta na tempada deportiva 2011/2012.

V.- Que a entidade Club Atletismo Femenino Celta non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11359-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Atletismo Femenino Celta o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Atletismo Femenino Celta comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.

Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Atletismo Femenino Celta na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Atletismo Femenino Celta (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Atletismo Femenino Celta unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.03 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadruar á financiación das actividades do equipo de élite da entidade, desenvolvidas na tempada deportiva 2011/2012.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago

polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de

Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca a totalidade da tempada deportiva do equipo de élite na tempada 2011-2012, entre os 45 días naturais previos ó inicio da competición oficial e os 30 días posteriores á finalización da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de _____ de 2012.

6(794).- PROXECTO DE CONVENIO QUE REXERÁ ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DEPORTIVA C.D. AMFIV PARA A SUBVENCIÓN DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DA ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA CATEGORÍA DIVISIÓN DE HONRA, NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE MARZO E O 30 DE XUÑO DE 2012, VINCULADO Á TEMPADA DEPORTIVA 2011/2012. EXPTE. 11358/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director Deportivo do IMD, de data 4.07.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e pola concelleira de Facenda, co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica do 4.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 5.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva C.D. AMFIV para o a subvención da segunda fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría División de Honra desenvolvido no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 17.500,00 €. a favor da entidade C.D. AMFIV co CIF: G-36711380 con enderezo social na rúa LG canido Estación s/n, en Vigo, e numero de conta corrente 2080.5097.36.3000057714. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.07 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE C.D. AMFIV VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2011-2012.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Fernández Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre delegación de atribucións dos Delegados de Área.

Doutra, don Pablo Beiro Diz como presidente da entidade C.D. AMFIV CIF nº G-36711380 e enderezo social na rúa LG canido Estación s/n en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11366-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade C.D. AMFIV conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honra desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C.D. AMFIV desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2011/2012.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.07 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 17.500,00 €, a favor da entidade deportiva C.D. AMFIV.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiación da segunda fase do proxecto do equipo de élite da entidade C.D. AMFIV desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

V.- Que a entidade C.D. AMFIV non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11366-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade C.D. AMFIV o Concello de Vigo e

a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade C.D. AMFIV comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.

Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C.D. AMFIV na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D. AMFIV (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C.D. AMFIV unha subvención por importe de 17.500,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.07 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades do equipo de élite da entidade, desenvolvidas na segunda fase do proxecto presentado, desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á actividade deportiva do equipo de élite na segunda fase da tempada 2011-2012.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de _____ de 2012.

7(795).- PROXECTO DE CONVENIO QUE REXERÁ ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DEPORTIVA HALCONES DE VIGO BEISBOL CLUB PARA A SUBVENCIÓN DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DA ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA CATEGORÍA DIVISIÓN DE HONRA, NO PERÍODO COMPENDIDO ENTRE O 1 DE MARZO E O 30 DE XUÑO DE 2012, VINCULADO Á TEMPADA DEPORTIVA 2011/2012. EXPTE. 11366/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director Deportivo do IMD, de data 28.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de

Deportes, co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica do 4.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 6.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Halcones de Vigo Beisbol Club para o a subvención da segunda fase do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría División de Honra desenvolvido no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 9.000,00 €. a favor da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club co CIF: G-36933331 con enderezo social na rúa Curros 17 en Vigo, e numero de conta corrente 2080.5136.9230.4000.8848. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.14 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE HALCONES DE VIGO BEISBOL CLUB VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA SEGUNDA FASE DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2011-2012.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Fernández Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre delegación de atribucións dos Delegados de Área.

Doutra, dona María Isabel Villar de Dios como presidente da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club CIF nº G-36933331 e enderezo social na rúa Curros, 17 en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11358-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Club conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honra desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Halcones de Vigo Beisbol Club desenvolve o proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2011/2012.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.14 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 9.000,00 €, a favor da entidade deportiva Halcones de Vigo Beisbol Club.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiación da segunda fase do proxecto do equipo de élite da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

V.- Que a entidade Halcones de Vigo Beisbol Club non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11358-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Halcones de Vigo Beisbol Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.

- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.

Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Halcones de Vigo Beisbol Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Halcones de Vigo Beisbol Club (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Halcones de Vigo Beisbol Club unha subvención por importe de 9.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.14, mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades do equipo de élite da entidade, desenvolvidas na segunda fase do proxecto presentado, desenvolvida no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, e vinculado á tempada deportiva 2011/2012.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aparecación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de xuño de 2012, vinculado á actividade deportiva do equipo de élite na segunda fase da tempada 2011-2012.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción

do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de _____ de 2012.

8(796).- PROXECTO DE CONVENIO QUE REXERÁ ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DEPORTIVA REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO PARA A SUBVENCIÓN DO PROXECTO DA ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA CATEGORÍA PRIMEIRA DIVISIÓN NA TEMPADA DEPORTIVA 2011/2012. EXPTE. 11362/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director Deportivo do IMD, de data 29.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e pola concelleira de Facenda, co informe da técnica de Admón. Xeral da Asesoría Xurídica do 4.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 5.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo para o a subvención do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría Primeira División na tempada deportiva 2011/2012.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000,00 €. a favor da entidade Real Club Celta de Atletismo co CIF: G-36945319 e enderezo social na rúa Avda Balaidos S/N en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documenta-

ción do expediente núm. 11362-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.04 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. José Manuel Fernández Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2011-2012.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Fernández Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 sobre delegación de atribucións dos Delegados de Área.

Doutra, don Alfonso Posada Sánchez como presidente da entidade Real Club Celta de Atletismo CIF nº G-36945319 e enderezo social na rúa Avda Balaidos S/N en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11362-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Real Club Celta de Atletismo conta cun equipo de élite que participa na categoría Primeira División desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Real Club Celta de Atletismo desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2011/2012.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.

- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.04 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de élite da entidade Real Club Celta de Atletismo na tempada deportiva 2011/2012.

V.- Que a entidade Real Club Celta de Atletismo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11359-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Real Club Celta de Atletismo o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Real Club Celta de Atletismo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.

Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Real Club Celta de Atletismo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Real Club Celta de Atletismo (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Real Club Celta de Atletismo unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.04 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadruar á financiación das actividades do equipo de elite da entidade, desenvolvidas na tempada deportiva 2011/2012.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca a totalidade da tempada deportiva do equipo de élite na tempada 2011-2012, entre os 45 días naturais previos ó inicio da competición oficial e os 30 días posteriores á finalización da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en

materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, --
__ de ____ de 2012.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 13,33 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.